

Manifestación unitaria o día 30 en Santiago de Compostela

■ Baixo o lema ASÍ NON, sairá ás 20 horas da Alameda da capital galega e rematará nas Praterías

ASÍ, NON

Despedimento máis fácil e barato

Non se crea emprego

Temporalidade abusiva

Máis poder aos empresarios

Conxelación das pensións

Recortes salariais e sociais

A manifestación está convocada de maneira unitaria por Comisións Obreiras e UGT

O día 30 de xuño, ás 20 horas, a cidadanía galega está chamada a se manifestar en Santiago de Compostela

con CCOO e UGT. Baixo o lema ASÍ NON, os dous sindicatos protestarán contra os recortes sociais do Goberno

español e contra o abaratamento do despedimento. Será a antesala da folga xeral de setembro. / Páxs. 2, 4 e 5



ÉXITO DE PARTICIPACIÓN NA FOLGA DE CORREOS

Ao redor do 70% do persoal de Correos secundou a folga convocada para o pasado 10 de xuño contra o dismantelamento do operador postal pú-

blico, o coñecido como 'apagamento postal'. CCOO destaca a «ampla participación» na xornada de folga a pesar dos impedimentos da empresa. / Páx. 7

■ CARTA DO SECRETARIO XERAL



XOSÉ MANUEL SÁNCHEZ AGUIÓN

A reforma laboral aprobada polo Consello de Ministros o pasado 16 de xuño plasma o groso das reivindicacións da patronal. En resumo, un abaratamento do despedimento, o incremento da temporalidade e a desprotección para millóns de traballadoras e traballadores de PEMES.

2 Pero, ademais, trátase dun durísimo golpe á negociación colectiva, xa que se fragmentarán e individualizarán cada vez máis as relacións laborais. A negociación colectiva, unha das principais ferramentas sindicais, permite negociar mellores convenios e homoxeneizar as condicións laborais das persoas que, no mesmo sector ou empresa, realizan idéntico traballo. Daquela, é un instrumento que dota de fortaleza a parte máis feble na negociación: as traballadoras e os traballadores.

Á vista do comportamento do propio Goberno español, que non dubidou en suspender acordos xa asinados sobre as condicións laborais das empregadas e empregados públicos, que podemos esperar que fagan empresarios con menos escrúpulos, tendo en conta que a reforma laboral lles outorga todas as facilidades do mundo para procederem a axustes de persoal sobre a base dunhas depauperadas «causas obxectivas»?

AXUSTE DURO E ANTISOCIAL

Na mesa do diálogo social estatal, CCOO fixo unha aposta polo acordo e pola negociación, porque asumimos as nosas responsabilidades e porque estamos firmemente comprometidos con este país, cos seus traballadores e traballadoras e co conxunto da sociedade.

Porén, o diálogo quedou ferido de morte cando o Goberno presentou o seu plan de axuste cargando sobre empregados públicos, pensionistas e persoas dependentes a drástica redución do déficit público. Cómpre salientar que as medidas de axuste do Executivo central, contra as que xa protestamos nas rúas, son totalmente inútiles para saírmos da crise, porque a redución da capacidade adquisitiva dos traballadores e traballadoras públicos, pensionistas e outros colectivos restrinxe a capacidade de consumo e, polo tanto, debilita a demanda interna e a actividade económica, co que nos afastamos da senda da recuperación.

A partir de aí, as organizacións empresariais descartaron calquera posibilidade de pacto e elevaron o

ton das súas demandas, conscientes de que, en caso de desacordo, o decreto prometido polo Goberno lles había ser máis útil ca calquera reforma pactada.

A patronal, coas súas esixencias inaceptables, abortou o diálogo social sobre a reforma do mercado de traballo; e fíxoo co mesmo entusiasmo co que aplaudiu o plan de axuste. O Goberno, pola súa parte, activou un discurso político de recorte de dereitos sociais e laborais e de creba das rendas de pensionistas e de empregados públicos, alén de importantes *desinvestimentos* públicos. En definitiva, un discurso de axuste duro e reforma laboral de forte contido antisocial e antisindical que nos levou a CCOO e UGT a convocar unha folga xeral o 29 de setembro. Quedan aínda varios meses para esta data, pero nós estamos xa a traballar para que sexa un éxito.

A primeira etapa do camiño andarémola a semana que vén coa manifestación que convocamos os dous sindicatos para o 30 de xuño en Santiago de Compostela.



Imaxe da folga do sector público do pasado 8 de xuño

CCOO defende un modelo produtivo baseado na economía e os empregos 'verdes'

■ O sindicato organizou unha xornada sobre o proxecto Informa Ambiental

Comisións Obreiras (CCOO) defende a economía e os empregos 'verdes' e o desenvolvemento sostible como parte da solución á crise económica. Así o asegurou a secretaria de Medio Ambiente do sindicato, Ascensión Esteban Ceballos, o pasado 23 de xuño durante a xornada Informa Ambiental, que tivo lugar en Montouto, no concello coruñés de Teo.

A secretaria de Medio Ambiente de CCOO lembrou que estamos inmersos nunha «grave crise» que non só é financeira, senón que está «intimamente ligada aos procesos de produción económica e á xestión dos recursos naturais». Neste sentido, afirmou, «asistimos ao derrubamento dos alicerces dunha sociedade baseada na utilización de recursos finitos, limitados, o que está xerando un desequilibrio nas políticas industriais de alcance internacional».

Crise ambiental

Segundo a súa análise, esta crise, «que non deixa de ser unha crise ambiental», é tan extrema que «pon en xaque o concepto mesmo de 'crecemento'», motivo polo cal CCOO defende un cambio no modelo de produción baseado na economía verde e o desenvolvemento sostible.

Ascensión Esteban remarcou que Comisións Obreiras lidera «o concepto sindical de cambio do modelo



Case cen persoas participaron na xornada sobre o proxecto Informa Ambiental

produtivo, e facémolo nun grave contexto de crise económica», pero defendendo, ademais, «a importancia da dimensión ambiental que debe ter este cambio».

Estratexia europea

A responsable de Medio Ambiente de CCOO de Galicia lembrou que a Estratexia da Unión Europea para o desenvolvemento sostible insta as autoridades públicas a desempeñaren un papel «fundamental» á hora de facilitaren un «marco claro a longo prazo» para que a cidadanía e

as empresas adopten os cambios necesarios para alcanzar este obxectivo.

Para Ascensión Esteban, a 'economía sostible' é «unha economía compatible cos límites e recursos do planeta e, polo tanto, perdurable». Na súa opinión, «os intereses dos traballadores e traballadoras dependen deste novo rumbo ambiental no noso tecido produtivo», e por iso o Sindicato Nacional de CCOO aposta pola economía e os empregos 'verdes' como parte da solución para a saída da crise.

■ Manifestación en Santiago de Compostela o día 30 de xuño ás 20 horas, con saída da Alameda

ASÍ, NON

As confederacións sindicais de Comisións Obreiras e da Unión Xeral de Traballadores tomamos a decisión de iniciar un proceso de mobilizacións que culminará coa celebración dunha folga xeral o próximo 29 de setembro, para expresar o contundente rexeitamento dos traballadores e traballadoras deste país ás políticas de recortes sociais e supresión de dereitos dos traballadores decretadas polo Goberno, baixo o amparo e escusa de directrices europeas.

O Goberno español e mais os europeos defraudaron a cidadanía á que representan. Os brutais axustes económicos que se están adoptando como terapias de choque para saír da crise económica son inxustos socialmente, regresivos laboralmente e errados economicamente porque comprometen as posibilidades de crecemento económico e de creación de emprego.

O Goberno español, ademais, emendouse a si mesmo, provocando unha viraxe radical na súa política económica e social, que agora se orienta ás claras, en primeiro lugar, a un duro recorte do gasto público que recae fundamentalmente no lombo dos traballadores e dos pensionistas; en segundo lugar, a unha redución do investimento público que freará a medra económica e a creación de emprego, e que terá como principais vítimas os traballadores e traballadoras en paro; e en terceiro lugar, impón unha reforma laboral que elimina dereitos da cidadanía nos seus postos de traballo.

Tras unha actuación irresponsable

ASÍ, NON

Despedimento máis fácil e barato

Non se crea emprego

Temporalidade abusiva

Máis poder aos empresarios

Conxelación das pensións

Recortes salariais e sociais

MANIFESTACIÓN eu vou!!

ás 20 horas en

Santiago de Compostela

(saída da Alameda, chegada en Praterías)

30
DE XUÑO

CCOO
comisións obreiras



Cartel da manifestación unitaria para o 30 de xuño

das organizacións empresariais, centradas exclusivamente en obteren rendimentos no abaratamento das condicións de traballo e a debilitación dos traballadores, o Goberno decidiu optar por unha desregulación laboral que pode continuar con outros recortes sociais e laborais.

A reforma laboral

— Non servirá para crear emprego.

— Non reducirá a dualidade do mercado laboral e aumentará a temporalidade.

— Facilita e abarata o despedimento, porque se amplían as causas para facelo máis doado e redúcense os dereitos indemnizadores dos traballadores.

— Reforza o poder empresarial para modificar unilateralmente as condicións de traballo (horarios, mobilidade xeográfica, funcional...).

— Debilita a negociación colectiva, facilitándolles ás empresas a adopción de medidas de desvinculación salarial e non aplicación de compromisos adquiridos previamente nos convenios colectivos.

— Privatiza a xestión do desemprego e amplía o campo de actuación das empresas de traballo temporal aos sectores de risco e ao emprego público.

En definitiva, o Goberno puxo o poder do Estado ao servizo daqueles que esixen «flexibilidade» no mercado de traballo e, aínda así, consideran esta reforma insuficiente porque en realidade non queren máis flexibilidade: quérena toda. Cando se esixen menos cotizacións sociais, menos custo do despedimento, menos tutela xudicial, menos negociación colectiva, menos regulación da contratación, o que se está reclamando en realidade é a absoluta desregulación do mercado de traballo, ou a aplicación neste ámbito das po-

líticas neoliberais que fracasaron estrepitosamente nos mercados financeiros, que son a causa desta crise e que nos abocarían a unha *terceiro-mundización* laboral.

Rexeitamos as políticas practicadas polos gobernos da Unión Europea ao ditado dos mercados financeiros, causantes da crise, e que agora propoñen as políticas de axuste á custa de reducir as condicións de vida e traballo da cidadanía europea.

Unha economía que non crea emprego non lles serve aos cidadáns, e uns gobernos que actúan contra os

Hai outras opcións e outras políticas, as negociacións sociais non poden estar sometidas ao mercado

seus intereses, tampouco. As organizacións sindicais non estamos dispostas a aceptar políticas que se nos presentan como as únicas posibles, baseadas nun determinismo falso, e que non son máis que as opcións do inmovilismo e a resignación.

Hai outras opcións e outras políticas. É necesario apostar por unha Europa máis social, na que as negociacións sociais deixen de estar sometidas ás forzas do mercado. E en España, UGT e CCOO convocamos unha folga xeral o 29 de setembro para esixir:

— Unha política que reduza o déficit público mediante o incremento dos ingresos e non mediante a redución do gasto, e planificar o cumpri-

mento dos obxectivos de déficit do Pacto de Estabilidade e Crecemento da Unión Europea en prazos compatibles coa reactivación económica e a creación de emprego.

— A retirada dunha reforma laboral lesiva que facilita o despedimento e empeora as condicións de traballo.

— A defensa da negociación colectiva como marco de protección das condicións de traballo, fronte aos intentos de lles atribuír ás empresas a capacidade de incumprir os acordos alcanzados de forma unilateral.

— A defensa do sistema público de pensións como eixe central do noso sistema de protección social, e a súa adecuación á evolución social exclusivamente con acordo político e social.

— A esixencia dunha nova política fiscal, que reforce a estrutura de ingresos do Estado, recuperando impostos suprimidos e apostando por unha maior recadación baseada na progresividade fiscal, á vez que se combate con maior determinación e medios a fraude fiscal que lastra a nosa economía, alcanzado taxas que practicamente duplican a media da Unión Europea.

NON ao despedimento máis fácil e barato

NON á temporalidade abusiva

NON a dar máis poder aos empresarios

NON á conxelación das pensións

NON aos recortes salariais e sociais

POR UNHA SAÍDA XUSTA E EQUILIBRADA DA CRISE

■ CCOO considérao «regresivo»

Oposición ao convenio de grandes almacéns

A comezos deste mes, os sindicatos de clase iniciaron en todo o territorio estatal concentracións contra a agresión da patronal de grandes almacéns. Na Coruña foi o pasado 9 de xuño, diante do Corte Inglés, e en Vigo diante da patronal.

A Federación do Comercio, Hostalaría e Turismo de CCOO rexeita con contundencia o Convenio de Grandes Superficies por ser regresivo, e consideran que denigra condicións laborais tan importantes como o salario, a xornada ou a incapacidade temporal.

FECOHT-CCOO denuncia que hoxe, en pleno século XXI, aínda existen lugares de traballo onde non chegou a normalidade democrática, tal é o caso de empresas como El Corte Inglés, Carrefour, Alcampo, Makro, Leroy Merlin, FNAC, Ikea, Aki, Hipercor, Eroski, Toys&Rus ou CyA.

Todas elas crearon e promoveron os seus propios «sindicados a medida», organizacións «pseudosindicaís» que dan o seu consentimento a un convenio de «saldos» que rebaixa «descaradamente» as condicións do persoal. Todo isto ten a súa tradución na desregulación da xornada «ata facer imposible a conciliación da vida familiar e laboral». Desta maneira, diminúe a cobertura en caso de enfermidade, imponse a mobilidade total na empresa, e a política salarial pon en risco o poder adquisitivo.

CCOO leva desenvolvendo desde o 4 de agosto de 2009 –data na que Fasga e Fetico asinaron o convenio–, accións tanto xurídicas coma sindicais, entre elas denuncias e impugnacións do convenio, así como mobilizacións que foron amplamente apoiadas polas traballadoras e traballadores. A patronal do sector foi condenada polo Tribunal Supremo en cinco ocasións por incumplir o descanso semanal

dos seus empregados, e as súas empresas foron tamén sancionadas por atentar contra a liberdade sindical, que representa a compañías que discriminan en función da afiliación sindical.

Para CCOO, o máis preocupante é que empresas que tiveron e seguen a ter cuantiosos beneficios, «continúan escudándose na crise para que a paguen as traballadoras e traballadores».



Na imaxe, unha das concentracións do pasado día 9 de xuño

Éxito de participación na folga e nas mobilizacións de Correos

■ O paro foi secundado por case sete de cada dez traballadores e traballadoras

Ao redor do 70% do persoal de Correos secundou a folga convocada para o pasado 10 de xuño contra o desmantelamento do operador postal público, o coñecido como 'apagamento postal'.

Comisións Obreiras (CCOO) denuncia que o Goberno español, nun acto de «irresponsabilidade manifesta», non fixou servizos mínimos. No entanto, os piquetes informativos realizaron o labor «con total normalidade», a pesar das presións da empresa.

O sindicato destaca a «ampla participación» das traballadoras e dos traballadores na xornada de folga, o que supón o «total rexeitamento» aos recortes económicos e de persoal que enmascaran unha «reconversión» de 1.000 empregos a curto prazo e 18.000 a medio prazo.



O persoal de Correos implicouse nos actos reivindicativos

A maioría sindical propón un servizo postal público, e para iso reclama unha moratoria da Terceira Directiva Europea que permita que Correos, operador público, poida contar cun plan de investimento que garanta a súa mo-

dernización, cun plan estratéxico con financiamento estatal que prepare a empresa para ser competitiva, así como a garantida cobertura do servizo postal público en todos os ámbitos con persoal suficiente.

Juárez «dilapida» 70 millóns externalizando a loita contra incendios

CCOO denuncia que a Consellaría do Medio Rural «dilapida» 70 millóns de euros «externalizando, desprofesionalizando e descoordinando» o servizo de loita contra incendios.

O sindicato repróchalle ao conselleiro, Samuel Juárez, que realice a través do «chiringuito SEAGA» a contratación do persoal de reforzo da tempada de máximo risco de incendios

forestais. Trátase, denuncia CCOO, dun «novo incumprimento» do programa electoral do Partido Popular, no que «prometía» o reforzamento do servizo público e a contratación do persoal de reforzo a través das listas públicas da Xunta de Galicia, ademais de desmontar entidades da administración paralela como a propia empresa SEAGA.

'MACROCHIRINGÓN' PARA OS SERVIZOS SOCIAIS

CCOO denuncia que a Consellaría de Traballo e Benestar vai substituír o 'chiringuito' que, ao seu ver, era o Consorcio do Benestar, por un 'macrochiringuito', cualificativo que lle merece a nova Axencia Galega de Servizos Sociais.

Para o sindicato, trátase dun organismo «desregulado», e pídelle á Xunta quenegocie co resto de organizacións un pacto pola defensa dos servizos públicos.

OUTRAS NOTICIAS QUE PODES LER EN WWW.GALICIA.CCOO.ES

- **Melloras para o persoal de aparcamentos.** A plataforma sindical da que forma parte CCOO logrará importantes conquistas sociais para o persoal de aparcamentos, especialmente en saúde laboral e igualdade.
- **Modernización da Garda Civil.** A AUGC denunciou o «esgotamento político» do Goberno español para a modernización da Garda Civil.
- **Polos acordos no ensino concertado.** CCOO concentrouse na Coruña e en Vigo o pasado 15 de xuño para reclamar o cumprimento dos acordos no ensino concertado e o mantemento dos postos de traballo.
- **Represión sindical en Guatemala.** Publicouse na web do sindicato un informe sobre a represión sindical en Guatemala.


Segundo congreso da CSI

Na cidade canadense de Vancouver inaugurouse o pasado 22 de xuño o 2.º Congreso da Confederación Sindical Internacional (CSI), da que forma parte CCOO, baixo o lema «Agora os pobos».

Segundo o secretario xeral saínte, Guy Ryder, no momento actual da crise económica está a perfilarse

unha dicotomía dramática: «ou democracia ou ditadura dos mercados».

O voceiro da delegación de CCOO, Ignacio Fernández Toxo, afirmou na súa intervención perante o plenario que «o esencial para o movemento sindical, nestes momentos, é loitar por que o modelo que prevaleza sexa o social».



Novo «atentado fascista» contra o sindicalismo vigués

Na madrugada do pasado 15 de xuño foi atacada con dous cócteles molotov a vivenda dun dirixente de CCOO na comarca de Vigo, o actual presidente do comité de empresa dos estaleiros Vulcanos.

Esta foi a quinta agresión no que vai de ano contra instalacións ou persoas directamente vinculadas a Comisións Obreiras, sempre co mesmo modus operandi.

Desde o sindicato cualifican estes

ataques como «fascistas» xa que, lembran, «unha das principais características dos reximes fascistas é a súa fasquía profundamente antisindical».

CCOO pediu que se esclareza canto antes a autoría destes feitos, e instou a que se adopten as medidas necesarias para evitar que feitos similares se volvan producir.

Ademais, desde Comisións Obreiras expresaron a súa «firme vontade»

de continuar a defender, «con máis forza se cabe» os mesmos postulados que ata o momento, «amplamente referendados polas traballadoras e traballadores deste país».

Concentración solidaria

En solidariedade con Antonio Fernández, Sesé, presidente do comité de empresa de Vulcano, o día 18 pola mañá houbo unha concentración de apoio diante da empresa. Persoal de diferentes factorías achegouse ata alí para lle transmitir ao militante de CCOO a súa solidariedade. Ao rematar a concentración, Sesé agradeceu o apoio recibido.

Se queres coñecernos, consulta cal é o local de CCOO máis próximo... ou visita www.galicia.ccoo.es